



| | | |
|--|-------------------|--|
| Notificación acordo de incoación Servizo de calidade e avaliación ambiental | | Concello de Marín Av. de Ourense,2 36900 Marín PONTEVEDRA |
| Data | Referencia | |
| 30/09/2010 | PO-RES-2010/106 | |

Con data 23/09/2010, o xefe territorial do departamento territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditou o acordo que de seguido se transcribe:

“Con data de rexistro 30/10/2009, tivo entrada no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, denuncia de data 28/10/2009 formulada polo colectivo A Canteira, pola comisión con no lugar de Pardavila, parroquia de San Xulián, concello de Marín, dos seguintes:

FEITOS

“ La empresa URBASER, adjudicataria del servicio de recogida y transporte de RSU del Concello y con el beneplácito de este, están a verter de forma habitual residuos sólidos urbanos y escombros desde el pasado año 2001, en una antigua cantera sita en el lugar de Pardavila, parroquia de San Xulián, del término municipal de Marín, junto a la carretera PO-313.

El depósito de residuos se está llevando a cabo de forma totalmente irregular sin las más mínimas condiciones de salubridad y seguridad, limitándose a arrojar los residuos en el terreno de la antigua cantera... .. la creación de un nuevo vertedero y la consiguiente degradación mediambiental ...

Bien es cierto que aunque hace aproximadamente un mes ya no se tiran en el suelo estos residuos denominados voluminosos, incluidos chatarra, colchones, electrodomésticos... y residuos hospitalarios, sino en contenedores abiertos y que se utiliza la parcela para almacenamiento y logística de contenedores sucios y limpios de varios ayuntamientos, ahora tenemos desde hace tres meses un problema de mayor envergadura que es el trasvase y almacenamiento de basura orgánica en camiones de dicha empresa que quedan estacionados en el solar hasta que se llenen...

Tendo en conta que os ditos feitos puideran ser constitutivos de infracción administrativa cualificada como grave a tenor do establecido no artigo 62.b) da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e que levaría aparelhada unha sanción de multa de entre 603 ata 31.000 euros, e a obriga, en calquera caso, de repoñer ou restaurar as cousas ó ser e estado anterior, e dado que o concello de Marín é titular do servizo público.



ACORDO

- 1.- Iniciar o procedemento sancionador **contra o Concello de Marín de referencia PO-RES-2010/106, en base ao disposto no Decreto 245/2009, de 30 de abril, polo que se regula as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, o Decreto 316/2009, de 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o artigo 12.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos del sector público e ó artigo 79.1 da Lei 10/2008, de residuos de Galicia.**
 - 2.- O procedemento se tramitará conforme aos artigos 127 a 138 da Lei 30/1992, **de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.**
 - 3.- **Informar da existencia dun prazo de 15 días para formular alegacións, achegar os documentos ou as probas que conveñan ao seu dereito.**
 - 4.- **Nomear instrutora do devandito procedemento sancionador a D^a. M^a Soledad García-Mazaeda G^a e secretaria a D^a. Nuria Carballo Pérez , sendo de aplicación o réxime de recusación establecido nos artigos 28 e 29 da citada Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.**
 - 5.- **A competencia para resolver este expediente virá determinada no seu caso, pola cualificación da infracción de conformidade co disposto no artigo 79 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, en relación coa Orde do 11 de maio de 2009 sobre adscrición de órganos e delegacións de competencias como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2009, e en relación co Decreto 316/2009, de 4 de xuño, de estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**
 - 6.- **Indicar a posibilidade de que o denunciado recoñeza a súa responsabilidade e pague voluntariamente a multa en calquera momento anterior á resolución, feito que suporá a terminación do expediente, sen prexuízo da obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser ou estado anterior á infracción cometida e da responsabilidade indemnizatoria se procedese.**
- Todo iso, sen prexuízo de interpoñer o recurso procedente”.**